

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS DA MARIÑA LUCENSE PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DO TURISMO NA MARIÑA LUCENSE

Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Por unha banda, D^a María Nava Castro Domínguez, en representación da **Axencia Turismo de Galicia**, con domicilio na Barcia, estrada Santiago-Noia, km. 3, 15897, Santiago de Compostela, en calidade de directora, en virtude do nomeamento realizado polo Decreto 159/2016, do 24 de novembro (DOG núm. 226, do 25.11.2016), e actuando en virtude das facultades conferidas polos artigos 5 e 19 dos estatutos da Axencia Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos.

Doutra, a **Mancomunidad de Municipios da Mariña Lucense** e no seu nome e representación D. Alfredo Llano García, na súa calidade de Presidente, ao abeiro das competencias que para vincularse neste acto se lle confire a Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e na Lei 5/1997 do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Interven en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas

EXPOÑEN

Primeiro.- Que a Mancomunidad de Municipios da Mariña Lucense nace en 1982 como unha organización supramunicipal pública, co obxectivo, entre outros, de consolidar a comarca como un destino turístico diferenciado e de calidade dentro do panorama nacional e internacional.



Que os propios Estatutos da Mancomunidade de Municipios Mariña Lucense, no seu artigo 4 alínea b) recollen, entre outros fins, o establecemento e prestación do servizo da competencia municipal “a promoción coordinada do desenvolvemento industrial e turístico”.

Que ao abeiro do disposto na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, a Xunta de Galicia e as entidades locais poderán celebrar convenios de colaboración entre si para a máis eficaz xestión e prestación de servizos da súa competencia, podendo coordinar as súas políticas de fomento dirixidas a un mesmo sector, executar puntualmente obras ou servizos e adoptar as medidas oportunas para acadar calquera outra finalidade de contido análogo.

Que os Concellos, segundo se sinala no artigo 25.2.m da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, teñen competencias en materia de turismo.

Que de conformidade co previsto no artigo 135 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, os concellos galegos terán dereito a asociarse en mancomunidades para a execución ou prestación en común, de obras, servizos e actividades da súa competencia.

Segundo.- Que o artigo 148.1.18 da Constitución establece como competencias da Administración Xeral do Estado que poderán asumir as Comunidades Autónomas, a relativa á promoción e ordenación do turismo no seu ámbito territorial.

Que a Comunidade Autónoma de Galicia ten competencias, con carácter exclusivo, tal e como se desprende do contido do seu Estatuto de autonomía, en materia de promoción e ordenación do turismo dentro da comunidade (artigo 27.21).

Que a Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos é o órgano da Xunta de Galicia ao que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de coordinación, impulso, xestión e execución das actividades promoción do turismo.

Para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos. No exercicio das súas funcións correspóndelle executar as medidas definidas para a promoción e fomento



do sector turístico de Galicia, levar a cabo plans e programas de acción e colaborar no desenvolvemento de actuacións que lle permitan acadar os seus obxectivos.

Co obxecto de promover o turismo na Comarca da Mariña Lucense, as partes consideran esencial colaborar na realización deste convenio, xa que se trata dunha acción de interese común, cofinanciada polas mesmas e con beneficios conxuntos. Todo isto, englobase ademais no eido competencial da Axencia Turismo de Galicia.

Terceiro.- Que as actividades relacionadas coa promoción, dinamización e fomento da riqueza e do turismo da Mancomunidade da Mariña Lucense contribúen á potenciación deste xeodestino e dá continuidade á colaboración establecida entre a Axencia Turismo de Galicia, a través dos Plans de Dinamización e Excelencia Turística realizados nos dous concellos máis puxantes desta área (Ribadeo e Viveiro), establecendo agora un novo plan que afecta ao conxunto do territorio da Mancomunidade, para desta forma reafirmar un xeodestino xa moi definido no ámbito turístico e que está considerado como un referente na creación e promoción de produtos turísticos innovadores e sostibles, contribuíndo a consolidar á Comunidade Autónoma como receptora dun turismo de calidade e que incida no seu maior desenvolvemento e coñecemento no exterior.

Asemade procurárase que as accións desenvolvidas a través deste convenio, contribúan á sensibilización tanto dos visitantes como dos propios veciños da zona sobre a importancia de preservar e poñer en valor os recursos naturais, culturais e enogastronómicos que teñen unha clara proxección turística co correspondente beneficio económico para a comarca.

Cuarto.- Que concorren aos efectos do establecido nos artigos 19.4.c) e 26.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 36.c) e 40.1a) do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, razóns de interese público para o outorgamento da subvención, ao tratarse dunha zona que dende o punto de vista turístico é un referente en Galicia e fóra dela cunha alta proxección turística baseada na natureza, a paisaxe, a artesanía, os produtos innovadores e o patrimonio cultural.

Estas actuacións enmárcanse nunha estratexia de perseverar nos territorios que xa tiveron plans de dinamización ou excelencia turística tratando de continuar coa colaboración interadministrativa e facer destinos turísticos singulares e diferenciadores que especialicen a súa oferta turística para enriquecer o conxunto de Galicia.



De acordo co artigo 26 da Lei de subvencións de Galicia non é posible promover a concorrência pública para a realización destas actividades posto que a Mancomunidade de Municipios da Mariña Lucense é a única entidade que pode realizar as actuacións obxecto do presente convenio.

En consideración ao anteriormente exposto, é vontade das partes asinantes a colaboración na xestión das actividades relacionadas, de acordo ás seguintes,

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do Convenio.

É obxecto do presente convenio establecer as bases de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Mancomunidade da Mariña Lucense para a subvención de actividades relacionadas coa promoción, dinamización e fomento do turismo que inclúan a realización das seguintes actuacións repartidas en dúas anualidades:

2018:

1.- LIÑA 1: CONSOLIDACIÓN DE PRODUCTOS TURÍSTICOS NA MARIÑA LUCENSE

Dentro de esta acción vanse levar a cabo medidas que pretenden continuar coa promoción dos proxectos iniciados en anos anteriores e que son de gran importancia para dar a coñecer o xeodestino Mariña Lucense.

Por unha parte, preténdese continuar coas rutas de artesanía, pero posto que cos Menús Artesáns non se están a conseguir os resultados esperados en canto a número de visitas nos obradoiros da Mariña Lucense, propónse a realización doutro tipo de promoción que favoreza directamente a visita aos obradoiros, como a realización dos mapas ou calquera outro material que dirixa o fluxo de visitantes directamente cara estes axentes.

Dentro de esta acción contéplase a organización da VI edición do Mes da Maxía na Mariña Lucense. Un produto turístico que se desenvolve nos meses de outubro e novembro e que cada ano medra en canto a número de participantes.



Con respecto ao Camiño Norte, contéplase o fomento do turismo de natureza e das rutas de sendeirismo. Unha vez realizada a diagnose das rutas existentes no destino e a elaboración dun mapa no 2016 e 2017, para o 2018 e 2019 propónse continuar o traballo de consolidación do Camiño Norte a través de ferramentas de visualización web que axuden á promoción das rutas, como unha versión web co trazado das rutas, a súa xeolocalización e información necesaria para a persoa interesada.

Dentro da acción Turismo Slow Norte de Galicia contéplase a continuidade coa promoción e comercialización do destino a través das ideas recollidas nas reunións mantidas coas empresas participantes no proxecto, nas que se decidiu a creación dun grupo motor, a elaboración dun mapa que identifique os xeodestinos e que guíe ás persoas visitantes polos recursos máis importantes da Mariña Lucense.

2.- LIÑA 2: FORMACIÓN DE AXENTES TURÍSTICOS NA MARIÑA

Nun destino turístico resulta importante coidar a calidade na atención ao cliente, polo que no 2018 contéplase a mellora empresarial na presentación e innovación dos menús dos servizos de restauración, ofertando cursos demandados polos axentes de hostalaría.

3.- LIÑA 3: COMUNICACIÓN E PROMOCIÓN XERAL DO DESTINO

3.1 ACCIÓN: COMUNICACIÓN E PROMOCIÓN

Dentro desta acción recóllese a mellora da comunicación da Mariña Lucense:

Por unha parte, axilizar a presenza da Mariña Lucense nas Redes Sociais a través da xeración de campañas específicas.

Manter e mellorar as webs de promoción turística, tanto a do xeodestino como as dos produtos turísticos consolidados.

Ademais, contéplase a reedición de material publicitario, como os mapas e guías das rutas de artesanía ou a creación de material novo, como a de promoción das rutas slow.

Por outra banda, contéplase tamén a comunicación nos medios e a promoción a través de actos de presentación dos produtos turísticos.

3.2 ACCIÓN: XESTIÓN E COORDINACIÓN DAS ACTIVIDADES DO CONVENIO



Xestión, seguimento, coordinación e xustificación de todas as actividades previstas no convenio. Os gastos xerados pola execución desta acción serán asumidos na súa integridade pola Mancomunidade Mariña Lucense.

2019:

1.- LIÑA 1: CONSOLIDACIÓN DE PRODUTOS TURÍSTICOS NA MARIÑA LUCENSE

Dentro de esta acción vanse levar a cabo medidas que pretenden continuar coa promoción dos proxectos iniciados en anos anteriores e que son de gran importancia para dar a coñecer o xeodestino Mariña Lucense.

Por unha banda, preténdese continuar coas rutas de artesanía, pero posto que cos Menús Artesáns non se están a conseguir os resultados esperados en canto a número de visitas nos obradoiros da Mariña Lucense, propónse a realización doutro tipo de promoción que favoreza directamente a visita aos obradoiros, como a realización dos mapas ou calquera outro material que dirixa o fluxo de visitantes directamente cara estes axentes.

Dentro de esta acción contéplase a organización da VI edición do Mes da Maxía na Mariña Lucense. Un produto turístico que se desenvolve nos meses de outubro e novembro e que cada ano medra en canto a número de participantes.

Con respecto ao Camiño Norte, contéplase o fomento do turismo de natureza e das rutas de sendeirismo. Unha vez realizada a diagnose das rutas existentes no destino e a elaboración dun mapa no 2016 e 2017, para o 2018 e 2019 propónse continuar o traballo de consolidación do Camiño Norte a través de ferramentas de visualización web que axuden á promoción das rutas, como unha versión web co trazado das rutas, a súa xeolocalización e información necesaria para a persoa interesada.

Dentro da acción Turismo Slow Norte de Galicia contéplase a continuidade coa promoción e comercialización do destino a través das ideas recollidas nas reunións mantidas coas empresas participantes no proxecto, nas que se decidiu a creación dun grupo motor, a elaboración dun mapa que identifique os xeodestinos e que guíe ás persoas visitantes polos recursos máis importantes da Mariña Lucense.



2.- LIÑA 2: FORMACIÓN DE AXENTES TURÍSTICOS NA MARIÑA

Nun destino turístico resulta importante coidar a calidade na atención ao cliente, polo que no 2019 contéplase a mellora empresarial na presentación e innovación dos menús dos servizos de restauración, ofertando cursos demandados polos axentes de hostalaría.

3.- LIÑA 3: COMUNICACIÓN E PROMOCIÓN XERAL DO DESTINO

3.1 ACCIÓN: COMUNICACIÓN E PROMOCIÓN

Dentro desta acción recóllese a mellora da comunicación da Mariña Lucense:

Por unha parte, axilizar a presenza da Mariña Lucense nas Redes Sociais a través da xeración de campañas específicas.

Manter e mellorar as webs de promoción turística, tanto a do xeodestino como as dos produtos turísticos consolidados.

Ademais, contéplase a reedición de material publicitario, como os mapas e guías das rutas de artesanía ou a creación de material novo, como a de promoción das rutas slow.

E por outra parte, contéplase tamén a comunicación nos medios e a promoción a través de actos de presentación dos produtos turísticos.

3.2 ACCIÓN: XESTIÓN E COORDINACIÓN DAS ACTIVIDADES DO CONVENIO

Xestión, seguimento, coordinación e xustificación de todas as actividades previstas no convenio. Os gastos xerados pola execución desta acción serán asumidos na súa integridade pola Mancomunidade Mariña Lucense.

Segunda.- Financiamento.

O orzamento estimado para a execución das actuacións recollidas na cláusula primeira ascende a cento noventa mil euros (190.000,00€), dos que a Xunta de Galicia, a través da Axencia Turismo de Galicia, achegará con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma cento sesenta mil euros (160.000,00 €) de acordo coa seguinte distribución e que se aplicarán para o pago dos gastos que se relacionan no anexo I.





- Primeira anualidade: oitenta mil euros (80.000 €), con cargo ao orzamento do ano 2018
- Segunda anualidade: oitenta mil euros (80.000 €), con cargo ao orzamento do ano 2019

Estas anualidades imputaranse á aplicación 04.A2.761A.760.3, na que existe crédito adecuado e suficiente, e que se aplicará para o pago dos gastos que se relacionan no anexo I.

A Mancomunidad da Mariña Lucense levará a cabo unha achega de trinta mil euros (30.000,00 €) distribuídos en quince mil euros (15.000 €) para cada unha das anualidades, que irán destinados a sufragar os gastos de persoal e correntes que orixine a posta en marcha e a xestión das actividades.

Terceira.- Compromisos da Xunta de Galicia.

A Axencia Turismo de Galicia alcanzará para o desenvolvemento destas actividades a cantidade total de cento sesenta mil euros (160.000,00 €) distribuídas conforme ao establecido na cláusula anterior.

Cuarta.- Compromisos da Mancomunidad da Mariña Lucense

- Diseñar, coordinar e executar as accións obxecto do presente convenio e poñer todos os medios técnicos e humanos necesarios para o desenvolvemento do mesmo e asumir os gastos de persoal e correntes que orixinen a posta en marcha das actividades.
- Facer constar a colaboración da Xunta de Galicia – Axencia Turismo de Galicia- en toda a publicidade (impresa, audiovisual, ..) que xeren as actividades deste convenio e inserir a marca turística de Galicia segundo o establecido no manual corporativo da Xunta de Galicia.
- Comunicar á Axencia Turismo de Galicia a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos.





- De acordo co disposto no artigo 40.1 d) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a achega económica prevista neste convenio será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.
- En ningún caso o importe das subvencións as que se refire o parágrafo anterior poderá superar, no seu conxunto, o custe da actividade subvencionada, ao abeiro do disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007.
- Acreditar ante a Axencia Turismo de Galicia o cumprimento do deber de remisión ao Consello de Contas das contas xerais de cada exercicio, conforme o indicado no artigo 4 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.
- No suposto de adquisición, construción, rehabilitación e mellora de bens inventariables o beneficiario deberá destinar os bens ao fin concreto para o cal concedeuse a subvención por un período mínimo de cinco anos en caso de bens inscribibles nun rexistro público, e de dous anos para o resto dos bens.
- Reintegrar total ou parcialmente, a subvención percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión, e a exixencia do xuro correspondente desde o pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia de reintegro cando concorran algunha das causas sinaladas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvenciones de Galicia, e a obriga de facilitar toda a información que se lle requira pola Axencia Turismo de Galicia en relación coa xustificación do convenio, e pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control de destino de axudas.
- Dar o seu consentimento para a publicación da axuda concedida no Diario Oficial de Galicia, na páxina web oficial da Axencia Turismo de Galicia e nos rexistro públicos, de acordo co establecido no artigo artigo 15 da Lei 1/2016, de





18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de convenios da Xunta de Galicia e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regula os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

- Subministrar á Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Axencia Turismo de Galicia, das obrigas previstas no Título I da citada lei.

Quinta.- Xustificación dos investimentos

A xustificación da execución das actividades subvencionadas realizarse segundo a modalidade de conta de acordo co disposto nos artigos 8 e 10 do Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, que deberá conter:

- a) Certificación expedida pola Secretaría da entidade local, co visto e praxe do/a alcalde/alcaldesa, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención, na que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:
 - 1. O cumprimento da finalidade da subvención.
 - 2. Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguinte relación: identificación do/a acredor/a, número de factura ou documento equivalente, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente. Non se esixe a remisión dos documentos relacionados no artigo 48.2.b) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
- b) Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, no seu caso, dos criterios de reparto dos custes xerais e/ou indirectos incorporados na relación a que se fai referencia na letra a).
- c) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.



d) De ser o caso, os tres orzamentos que se requiren en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia

e) No seu caso, carta de pago de reintegro no suposto de remanentes non aplicados, así como dos intereses derivados destes.

A conta xustificativa incorporará, en todo caso, a certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma en razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a subvención.

Así mesmo, deberá remitirse o detalle da documentación e soportes publicitarios nos que consten a colaboración de Turismo de Galicia e a “Marca Turística de Galicia”.

Asemade deberá indicarse un número de conta para o ingreso dos fondos e xuntar unha declaración responsable da veracidade dos datos relativos á dita conta.

Por outra parte, a mancomunidade deberá presentar unha declaración responsable de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 11 e 13 do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

2. Consideraranse subvencionables os gastos que, respondan de xeito indubidable á natureza da actividade subvencionada e de acordo co artigo 29.2 da Lei de subvencións de Galicia considerárase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de vixencia do convenio.

3. De conformidade co disposto no artigo 3 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, con carácter xeral, considerárase gasto realizado cando se contabilizase o recoñecemento da obriga polo órgano competente da entidade local. As entidades locais beneficiarias estarán obrigadas a acreditar documentalmente a efectividade dos pagos realizados no prazo máximo de sesenta días naturais contados a partir da data do ingreso na conta bancaria das beneficiarias de cada un dos pagos das subvencións concedidas.



Porén, no caso de realizarse pagos anticipados como financiación necesaria para poder levar a cabo as actuacións subvencionadas, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado pola entidade local beneficiaria con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado pola normativa reguladora da subvención.

4. O prazo para xustificar por parte da Mancomunidade a aplicación dos fondos percibidos remata o 15 de decembro de 2018 para os gastos correspondentes á primeira anualidade, e o 15 de decembro de 2019 para aqueles correspondentes á segunda anualidade.

De non xustificarse en prazo a cantidade total subvencionada, a Mancomunidade deberá reintegrar proporcionalmente o non xustificado, e a Xunta de Galicia minorará a súa achega proporcionalmente ao non xustificado, sempre e cando se acade o obxecto do convenio.

Non obstante, non se entenderá incumplida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado no anexo, cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se levaran a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio, e sempre que se xustifique o importe total.

5. Consonte ao disposto no artigo 17.4 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, poderá dar lugar á modificación do convenio.

Sexta.- Pagamentos anticipados

De acordo co artigo 6.3 do Decreto 193/2011, poderanse realizar pagos anticipados, que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención, por importe do 100% da subvención concedida e sen que se supere a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario.

Conforme ao artigo 65.4.c) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia a Mancomunidade queda exonerada da constitución de garantía.



Sétima.- Comisión de seguimento

Para o desenvolvemento e bo fin deste convenio de colaboración constituirase unha comisión paritaria que velará polo cumprimento das obrigas das partes e adoptará cantas medidas e especificacións técnicas sexan precisas de cara a garantir a boa execución do convenio.

Composición: Dous representantes da Axencia Turismo de Galicia e dous representantes da Mancomunidade da Mariña Lucense.

Presidencia: A Directora de Turismo de Galicia ou persoa en quen delegue

Secretario: O presidente da Mancomunidade da Mariña Lucense ou persoa en quen delegue.

O funcionamento da Comisión axustarase ao disposto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector autonómico de Galicia.

Os acordos da Comisión adoptaranse por unanimidade.

Corresponderán á comisión de seguimento as seguintes funcións:

- Elaborar e aprobar as accións que se detallan no anexo ao presente convenio.
- A interpretación do presente convenio, proponendo a solución a todas as dúbidas que poida xerar a súa execución.
- O seguimento da execución do convenio, sendo informada polas administracións asinantes das accións realizadas.

Oitava.- Vixencia do convenio.

Este convenio entrará en vigor ao día seguinte a súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2019. Non obstante a cláusula anterior, o presente convenio ampara as actuacións realizadas desde o 1 de xaneiro de 2018. A Mancomunidade da Mariña Lucense como entidade executora e xestora das actuacións, será a responsable do mantemento en todo momento e trala finalización da vixencia temporal do mesmo, das finalidades propias do Convenio.



Novena.- Natureza xurídica e xurisdición competente.

O convenio, que está suxeito ao disposto no artigo 26 da Lei 9/2007, 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, ten natureza administrativa e queda fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, que os exclúe expresamente no artigo 6.1.

As cuestións litixiosas xurdidas respecto da interpretación, modificación, resolución e efectos do convenio serán resoltas pola persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia. Aquelas cuestións non solventadas na vía administrativa, serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

Para todo o non previsto expresamente no texto deste convenio será de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007; Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público e demais normativa que sexa de aplicación.

Décima.- Autorización e consentimento para que se publiquen os datos persoais e demais especificacións que figuren no convenio.

As partes asinantes autorizan e consenten a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Axencia de Turismo de Galicia publicará o texto íntegro do convenio.



Undécima.- Publicidade do convenio

En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicarase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que operará como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Axencia de Turismo de Galicia publicará o texto íntegro do convenio.

Así mesmo estarase o disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre convenios.

Asemade, procederase á inscrición do convenio no Rexistro Público de Subvencións conforme ao establecido no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo.

Duodécima.- Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas ou profesionais que desenvolvan actuacións subvencionadas que constitúen o obxecto do mesmo, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha directa nin subsidiaria á Axencia de Turismo de Galicia.

Décimo terceira.- Resolución e modificación

1. Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.
- O acordo unánime de tódolos asinantes.
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.

2. As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.



Consonte o disposto no artigo 17.4 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, poderá dar lugar á modificación do convenio.

Ao abeiro do disposto no artigo 7 do Decreto 193/2011, a entidade beneficiaria da subvención deberá presentar a solicitude de modificación da subvención concedida cunha antelación mínima dun mes. A modificación deberá respectar o obxecto da subvención, as actividades subvencionadas e evitar actuacións deficientes ou incompletas. A solicitude deberá acompañar a documentación establecida no apartado 4 do citado artigo 7:

a) Memoria xustificativa, na cal ademais se faga constar que non se desvirtúa o proxecto subvencionado, que non suporá unha actuación deficiente e que se cumpre co obxectivo da resolución da concesión.

b) Orzamento ou proxecto modificado.

c) Relación e identificación concreta dos cambios introducidos en cadro comparativo.

Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Lido polas partes, por si mesmas, e como proba de conformidade co expresado no presente Convenio, asínano no lugar arriba indicado.

POLA XUNTA DE GALICIA

POLA MANCOMUNIDADE

MARIÑA LUCENSE

A DIRECTORA DE TURISMO

O PRESIDENTE DA MANCOMUNIDADE

DE GALICIA

M^a Nava Castro Domínguez

Alfredo Llano García



ANEXO I:

2018

LIÑA 1: CONSOLIDACIÓN DE PRODUTOS TURÍSTICOS	31.040 €
LIÑA 2: FORMACIÓN DE AXENTES TURÍSTICOS NA MARIÑA	7.260 €
LIÑA 3: COMUNICACIÓN E PROMOCIÓN XERAL DO DESTINO	56.700 €
SUBTOTAL ACHEGA AXENCIA DE TURISMO	80.000,00 €
SUBTOTAL ACHEGA MANCOMUNIDADE MARIÑA LUCENSE	15.000,00 €
TOTAL ACTUACIÓNS CONVENIO	95.000,00 €

2019

LIÑA 1: CONSOLIDACIÓN DE PRODUTOS TURÍSTICOS	30.670 €
LIÑA 2: FORMACIÓN DE AXENTES TURÍSTICOS NA MARIÑA	17.260 €
LIÑA 3: COMUNICACIÓN E PROMOCIÓN XERAL DO DESTINO	47.070 €
SUBTOTAL ACHEGA AXENCIA DE TURISMO	80.000,00 €
SUBTOTAL ACHEGA MANCOMUNIDADE MARIÑA LUCENSE	15.000,00 €
TOTAL ACTUACIÓNS CONVENIO	95.000,00 €

